| | HAB3.1.5. Compara a pintura italiana do Quattrocento coa dos pintores góticos flamengos contemporáneos. (CCEC, CCL, CAA) |
| B3.2. Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles. | HAB3.2.1. Describe a práctica do patrocinio no Renacemento italiano e as novas reivindicacións dos artistas en relación co seu recoñecemento social e a natureza do seu labor. (CCEC, CCL, CSC, CAA) |

| | |
|---|---|
| B3.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Renacemento, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | HAB3.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento italiano: cúpula de Santa María das Flores, en Florencia e de Brunelleschi; pazo Médici- Riccardi en Florencia, de Michelozzo; templo de San Pietro in Montorio en Roma, de Bramante; cúpula e proxecto de planta de San Pedro do Vaticano, de Michelangelo; Il Gesù en Roma, de Giacomo della Porta e Vignola. (CCEC, CCL, CAA) |
| | HAB3.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Renacemento italiano: "Gattamelata", de Donatello; "Piedade" do Vaticano, "David", "Moisés" e as tumbas mediceas, de Michelangelo. (CCEC, CCL, CAA) |
| | HAB3.3.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Renacemento italiano: "O tributo da moeda", de Masaccio; "A Gioconda", de Leonardo da Vinci; "A Escola de Atenas" de Rafael; a bóveda da Capela Sixtina, de Michelangelo; "Venus de Urbino", de Tiziano. (CCEC, CCL, CAA) |
| B3.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Renacemento, en relación co seu contexto histórico e cultural. | HAB3.4.1. Especifica as características peculiares do Renacemento español en comparación co italiano. (CCEC, CCL, CAA) |
| B3.5. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte española do Renacemento, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | HAB3.5.1. Identifica, analiza e comenta a seguinte obra arquitectónicas do Renacemento español: mosteiro de San Lorenzo de El Escorial, de Juan de Herrera. (CCEC, CCL, CAA) |
| | HAB3.5.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas de El Greco: "O martirio de San Mauricio", "O enterro do Señor de Orgaz". (CCEC, CCL, CAA) |
| B3.6. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural. | HAB3.6.3. Compara a arquitectura barroca coa renacentista. (CCEC, CCL, CAA) |
| B3.8. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Barroco, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | HAB3.8.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras a arquitectónicas do Barroco europeo do século XVII: fachada de San Pedro do Vaticano, de Carlo Maderno; columnata da praza de San Pedro do Vaticano, de Bernini. (CCEC, CCL, |

| | |
|---|---|
| | CAA) |
| **3ª Avaliación** | |
| B3.8. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Barroco, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | HAB3.8.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas de Bernini: "Apolo e Dafne". (CCEC, CCL, CAA) |
| | HAB3.8.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Barroco europeo do século XVII: "Vocación de San Mateo". (CCEC, CCL, CAA) |
| B3.10. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte española do Barroco, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | HAB3.10.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Barroco español do século XVII: "Piedad", de Gregorio Fernández. (CCEC, CCL, CAA) |
| | HAB3.10.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas españolas do Barroco español do século XVII: "O augador de Sevilla, "A rendición de Breda", "As meninas" de Velázquez. (CCEC, CCL, CAA) |
| B3.12. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do século XVIII, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | HAB3.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do século XVIII: fachada do Obradoiro da catedral de Santiago de Compostela, de Casas e Novoa. (CCEC, CCL, CAA) |
| B4.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas de Goya, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | HAB4.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Goya: "O parasol", "A familia de Carlos IV", "O 2 de maio de 1808 en Madrid" ("A loita cos mamelucos"), "Os fusilamentos do 3 de maio de 1808. (CCEC, CCL, CAA) |
| B4.7. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da pintura do século XIX, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | HAB4.7.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do século XIX: "Almorzo sobre a herba", de Manet; "Impresión, sol nacente" de Monet; "Unha tarde de domingo na Grande Jatte", de Seurat; "Xogadores de cartas" de Cézanne; "A noite estrelada, de Van Gogh; "Visión despois do sermón" de Gauguin. (CCEC, CCL, CAA) |
| B5.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da plástica da primeira metade do século XX, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | HAB5.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "A alegría de vivir", de Matisse; "As señoritas de Aviñón" e "Guernica", de Picasso; "O berro", de Munch; "A rúa", de Kirchner; "L.H.O.O.Q.", de Duchamp; "A chave dos campos", de Magritte; "O entroido de Arlequín" de Miró; "A persistencia da memoria", de Dalí. (CCEC, CCL, CAA) |

| | |
|---|---|
| | HAB5.2.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas: "Fonte", de Duchamp. (CCEC, CCL, CAA) |
| B5.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura da primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | HAB5.3.1. Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais do Movemento Moderno en arquitectura. (CCEC, CCL, CAA) |
| B5.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura da primeira metade do século XX, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | HAB5.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: pavillón de Alemaña en Barcelona, de Mies van der Rohe; Vila Saboia en Poissy (Francia), de Le Corbusier; casa Kaufman (Casa da Cascada), de Frank Lloyd Wright. (CCEC, CCL, CAA) |
| B6.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | HAB6.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: edificio Seagram en Nova York, de M. van der Rohe e Philip Johnson; o museo Guggenheim de Nova York, e a Casa da Fervenza de F. Lloyd Wright. (CCEC, CCL, CAA) |
| B6.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | HAB6.4.1. Identifica o autor e a corrente artística (non necesariamente o título), e analiza e comenta as seguintes obras: "Pintura" (Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid), de Tapies;; "One: number 31, 1950", de J. Pollock; "Equivalente VIII", de Carl André; "Unha e tres cadeiras", de J. Kosuth; "Marilyn Monroe" (serigrafía de 1967), de A. Warhol. (CCEC, CCL, CAA) |

<table>
<tr><th colspan="2">2. - Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos:<br>- Comentarios de distintas obras de arte e definición de conceptos artísticos.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br>- Elaboración de presentacións con imaxes de obras de arte.<br>- Elaboración de presentacións con definicións ilustradas.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>Procedemento para obter a cualificación final da avaliación ordinaria:<br><br><u>Para todos os alumnos</u>:<br>■ Media aritmética das dúas primeiras avaliacións.<br>■ Á anterior media sumarase o traballo realizado na 3ª avaliación ata un máximo de 2 puntos.<br><br>○ Ata 2 puntos por:<br>- <u>No caso de ter conectividade</u>: Asistencia continuada a todas as clases on-line en tempo real e con participación activa positiva seguindo todas as pautas do arquivo de instrucións colgado na Aula Virtual, tanto no chat da Aula Virtual como no traballo colaborativo con documentos compartidos en Google Drive.<br>- <u>No caso de non ter conectividade</u>: Entrega de todas as actividades que constan no arquivo de instrucións colgado na Aula Virtual seguindo todas as pautas nel indicadas, sempre e cando esas actividades estean completas e correctas. Poden recoller no centro en soporte papel ese arquivo de instrucións que contén ademais todas as actividades realizadas, previa solicitude do mesmo ao centro.<br><br>○ Ata 1 punto por:<br>- <u>No caso de ter conectividade</u>: Asistencia ao 75% das clases on-line en tempo real e con participación activa positiva seguindo a meirande parte das pautas indicadas no arquivo de instrucións colgado na Aula Virtual, tanto no chat da Aula Virtual como no traballo colaborativo con documentos compartidos en Google Drive.<br>- <u>No caso de non ter conectividade</u>: Entrega de polo menos o 75% das actividades que constan no arquivo de instrucións colgado na Aula Virtual seguindo a meirande parte das pautas nel indicadas, sempre e cando esas actividades estean completas e correctas. Poden recoller no centro en soporte papel ese arquivo de instrucións que contén ademais todas as actividades realizadas, previa solicitude do mesmo ao centro.<br><br>○ Ata 0,5 puntos por:<br>- <u>No caso de ter conectividade</u>: Asistencia a polo menos o 50% das clases on-line en tempo real e con participación activa escasa seguindo só parcialmente as pautas indicadas no arquivo de instrucións colgado na Aula Virtual, tanto no chat da Aula Virtual como no traballo colaborativo con documentos compartidos en Google Drive.<br>- <u>No caso de non ter conectividade</u>: Entrega de polo menos o 50% das actividades que constan no arquivo de instrucións colgado na Aula Virtual sempre e cando estean completas, parcialmente correctas e sigan só parcialmente as pautas nel indicadas. Poden recoller no centro en soporte papel ese arquivo de instrucións que contén ademais todas as actividades realizadas, previa solicitude do mesmo ao centro.<br><br>○ 0 puntos no caso de non participar de ningún xeito (nin telemático, nin en soporte papel) nas actividades programadas para a materia e detalladas no arquivo de instrucións da Aula Virtual.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | Para os alumnos coa materia suspensa tras facer a media aritmética da 1ª e 2ª avaliacións: Terán que realizar obrigatoriamente actividades de recuperación da 1ª e 2ª avaliacións.<br><br>A nota final das actividades de recuperación da 1ª e a 2ª avaliacións calcularase así:<br><br>a) Os alumnos que realicen as **actividades de recuperación da 1ª e da 2ª avaliacións** poderán acadar unha nota máxima 5 puntos en cada unha das avaliacións.<br>Nestas actividades valorarase a expresión escrita, a coherencia, a corrección tanto gramatical como ortográfica e o seguimento das pautas nelas indicadas explicitamente.<br>A nota final da materia calcularase facendo a media artitmética destas actividades de recuperación (actividades da 1ª avaliación e actividades da 2ª avaliación). A esta nota poderá sumarse o traballo realizado durante a 3ª avaliación ata un máximo de 2 puntos segundo o baremo establecido para todos os alumnos.<br><br>b) Os alumnos que realicen **as actividades de recuperación só dunha das dúas avaliacións**, por ter aprobada a outra, poderán acadar unha nota máxima 5 puntos nela.<br>Nestas actividades valorarase a expresión escrita, a coherencia, a corrección tanto gramatical como ortográfica e o seguimento das pautas nelas indicadas explicitamente.<br>A nota final da materia calcularase facendo a media artitmética entre a nota da avaliación que tivera aprobada e a nota resultante da recuperación da avaliación que tivera suspensa. A esta nota poderá sumarse o traballo realizado durante a 3ª avaliación ata un máximo de 2 puntos segundo o baremo establecido para todos os alumnos. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | Os alumnos que non aproben a materia na convocatoria ordinaria, terán a oportunidade de facer unha proba escrita na convocatoria extraordinaria. Nela avaliarase ao alumnado en base aos estándares de aprendizaxe da 1ª e a 2ª avaliacións (clases presenciais). |
| **Alumnado de materia pendente** | Non existe alumnado nesta situación |

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
Ies.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras


<table>
<tr><th colspan="2">3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre<br>(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</th></tr>
<tr><td>Actividades</td><td>▪ Actividades da 3ª avaliación: Comentario de obras de arte que reforzan os procedementos propios da Historia da Arte. Con estas actividades se reforzan os contidos da 1ª e a 2ª avaliacións e ademais permiten ampliar, traballando de forma práctica, os estándares de aprendizaxe programados para a 3ª avaliación.<br><br>▪ Actividades de recuperación para os alumnos coa materia suspensa: Os alumnos que non aprobaran coa media aritmética da 1ª e 2ª avaliacións realizarán as actividades de recuperación dunha e outra avaliación. Nestas poden obter ata un máximo de 5 puntos unha vez realizada a media aritmética das notas das actividades de recuperación, no caso de que estean completa e correctamente realizadas segundo as pautas indicadas nas propias actividades de recuperación.<br>Os alumnos aprobados tamén poden realizar este tipo de actividades se así o desexan.<br><br>As actividades a desenvolver na recuperación da 1ª e 2ª avaliacións realizaranse por escrito (presentacións) e para elaboralas dispoñen de: Apuntamentos elaborados pola profesora nos que se resumen os contidos de todo o curso; actividades interactivas elaboradas pola profesora e colgadas na Aula Virtual; vídeos coas obras elaborados pola profesora; enlaces a vídeos explicativos que reforcen a materia; clases telemáticas dirixidas a reforzar os contidos da 1ª e 2ª avaliacións e a ampliar a práctica do comentario das obras de arte en base a contidos da 3ª avaliación.</td></tr>
<tr><td>Metodoloxía<br><br>(alumnado con conectividade e sen conectividade)</td><td>A) <u>Alumnado con conectividade</u>: As actividades a desenvolver na terceira avaliación realizaranse por escrito combinando:<br><br>1. Aula Virtual, nela xa viña traballando o alumnado desde o comezo do curso.<br><br>a. O alumnado ten colgados na páxina principal da asignatura na Aula Virtual:<br>Páxina principal/► Os meus cursos/► Educación Adultos/► Bacharelato semipresencial/► Xeografía e Historia/► B2-HA<br>- Cada día de clase un arquivo de instrucións que orienta (nun documento .pdf, continuamente actualizado) a forma na que ten que traballar o alumnado día a día e plantexa preguntas dirixidas enfocadas a cada actividade a realizar. Este arquivo de instrucións non só contempla o que facer e como en cada sesión de clase telemática, senón que tamén lles permite aos alumnos ver o que se fixo xa en todas as sesións anteriores desde o inicio do confinamento.<br>- Enlaces a vídeos explicativos que reforzan a materia.<br><br>b. Para traballar na sala do chat da Aula Virtual formounos a profesora mediante instrucións precisas. Este traballo na sala do chat da Aula Virtual do centro combínase co traballo colaborativo con documentos compartidos.<br>- O alumnado ven tendo clase en tempo real todos os días desde que se iniciou o confinamento e continuará ata o remate do curso para 2ª de Bacharelato. Nesas clases telemáticas, se establecen pautas de traballo no arquivo de instrucións colgado na Aula Virtual, aclaran dúbidas e corrixen os posibles erros (ortografía, expresións, contidos,...) do alumnado no desenvolvemento das actividades plantexadas.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | 2. **Traballo colaborativo con documentos compartidos en Google Drive** (previa formación dos alumnos para traballar con eles neste entorno, guía rápida elaborada pola profesora incluída) realizando continuamente exercicios prácticos. Este traballo colaborativo con documentos compartidos combínase coa sala do chat da Aula Virtual do centro.<br><br>3. **Correo electrónico** habilitado para os alumnos candotinaciches@gmail.com, correo este co que xa estiveron a traballar durante o curso tanto para ter unha comunicación fluída coa profesora (dúbidas, información, etc.) como para o envío das actividades obrigatorias realizadas na 1ª e 2ª avaliacións.<br><br>B) **Alumnado sen conectividade**: Non consta alumnado sen conectividade.<br>No caso de existir (improbable xa que todos os alumnos do grupo enviaron presentacións coas obras obrigatorias a comentar na 1ª, na 2ª ou nas dúas avaliacións) poden recoller no centro en soporte papel ese arquivo de instrucións que contén ademais todas as actividades realizadas, previa solicitude do mesmo ao centro. |
| **Materiais e recursos** | ▪ **Apuntamentos elaborados pola profesora** nos que se resumen os contidos de todo o curso, tanto os contextos histórico-artísticos como o comentario de todas a obras (unha a unha) a ver no curso. Dispoñen destes apuntamentos desde o comezo do curso 2019-2020. Os contidos das actividades atópanse neles.<br><br>▪ **Aula virtual no curso da materia de Historia da Arte:**<br><br>1) **Páxina principal**.- Nela o alumnado dispón das instrucións para traballar e como facelo na asignatura.<br><br>*Páxina principal/► Os meus cursos/► Educación Adultos/► Bacharelato semipresencial/► Xeografía e Historia/► B2-HA*<br><br>○ **Actividades interactivas** elaboradas pola profesora e colgadas na Aula Virtual.<br>○ **Vídeos** elaborados pola profesora e tamén colgados na Aula Virtual.<br>○ **Enlaces a vídeos explicativos** para o reforzamento da materia.<br>○ **Arquivo de instrucións** para as clases telemáticas de reforzo e ampliación.<br>○ **Actividades de recuperación da 1ª e a 2ª avaliacións.**<br><br>2) **Sala do chat da Aula Virtual**, para as clases telemáticas.<br><br>▪ **Google Docs** con documentos compartidos para o traballo colaborativo**.**<br><br>▪ **Correo electrónico** para os alumnos: candotinaciches@gmail.com . |

<table>
<tr><th colspan="2">4. Información e publicidade</th></tr>
<tr><td>Información ao alumnado e ás familias</td><td>▪ Correo electrónico candotinaciches@gmail.com habilitado para establecer unha comunicación directa co alumnado e ademais recibir as actividades de recuperación da asignatura.<br><br><u>Infórmase ao alumnado polo correo-electrónico deste</u> (o correo que lle consta á profesora de cando enviaran as actividades prácticas obrigatorias da 1ª e 2ª avaliacións durante as clases presenciais do curso): Do inicio das clases telemáticas e a súa continuidade, segundo consta no horario do grupo de alumnos, desde o inicio do confinamento; das novidades sobre a asignatura; da publicación na Aula Virtual das actividades plantexadas para a recuperación da 1ª e 2ª avaliacións.<br><br>▪ Aula Virtual no curso da materia de Historia da Arte :<br><br>Páxina principal/▶ Os meus cursos/▶ Educación Adultos/▶ Bacharelato semipresencial/▶ Xeografía e Historia/▶ B2-HA<br><br>- O alumnado dispón de información detallada e actualizada cada día, tanto das clases telemáticas como do que se vai a avaliar nelas, no arquivo de instrucións (B2-XEO Adultos virtual: Instrucións.)<br><br>- Actualización diaria dos próximos eventos da sala do chat da Aula Virtual [Sala de chat (conversa) para a asesoría en liña. PICA AQUÍ NA PRÓXIMA HORA DE CLASE Martes, 12 de Maio, 17:10].<br><br>- Actividades de recuperación das dúas primeiras avaliacións.<br><br>- A Adaptación da Programación Didáctica do Departamento de Xeografía e Historia para esta materia no presente curso (recollida neste documento) en arquivo .pdf e enviarase unha mensaxe ao alumnado, polo correo electrónico, informando de que está á súa disposición nesa plataforma.<br><br>▪ <u>Para o alumnado que non se puxo en contacto coa profesora por ningún medio</u> (nin correo electrónico, nin Aula Virtual) <u>amparándose en que non ten conectividade</u>, sempre existe a posibilidade de que se poña en contacto co centro, e a profesora enviará ao centro previa solicitud concreta dos alumnos:<br>- As actividades obrigatorias de recuperación da 1ª e 2ª avaliacións.<br>- O arquivo de instrucións actualizado con todas as actividades desenvolvidas nas clases telemáticas desde o inicio do confinamento, para que teña a opción de traballalas e subir nota.<br>O alumnado que estea neste caso recollerá no centro as actividades solicitadas e as devolverá ao mesmo unha vez realizadas, no prazo estipulado pola profesora da materia.</td></tr>
<tr><td>Publicidade</td><td>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</td></tr>
</table>

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS TELLEIRAS
CURSO: 2º BACHARELATO
MATERIA: XEOGRAFÍA DE ESPAÑA
DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA
DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| **1ª Avaliación** | |
| B1.3. Distinguir e analizar os tipos de planos e mapas con diferentes escalas, identificándoos como ferramentas de representación do espazo xeográfico | XHB1.3.1. Utiliza adecuadamente as ferramentas características da ciencia xeográfica. (CMCCT, CAA, CD) |
| B1.6. Procurar, seleccionar e elaborar información de contido xeográfico obtida de fontes diversas, e presentala de xeito adecuado. | XHB1.6.1. Analiza e extrae conclusións da observación dun plano e dun mapa, comentando as características do espazo xeográfico. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| B2.3. Definir o territorio español subliñando as diferenzas das unidades morfoestruturais. | XHB2.3.1. Enumera e describe os principais trazos do relevo de España. (CMCCT, CAA, CCL) |
| B2.4. Diferenciar a litoloxía de España, incidindo nas súas características e na modelaxe. | XHB2.4.1. Clasifica as unidades do relevo español segundo as súas características xeomorfolóxicas. (CMCCT, CAA, CCL) |
| B2.5. Utilizar correctamente o vocabulario específico da xeomorfoloxía. | XHB2.5.1. Describe sumariamente nun mapa a evolución xeolóxica e a conformación do territorio español. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| B3.1. Sinalar nun mapa de España os dominios climáticos. | XHB3.1.1. Localiza os climas nun mapa de España. (CMCCT, CAA, CD) |
| B3.2. Distinguir os climas en España e comentar as súas características, sinalando os factores e os elementos que os compoñen, para diferencialos. | XHB3.2.1. Describe e compara os climas en España, enumerando os factores e os elementos característicos. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| B3.4. Comentar a información climatolóxica que se deduce utilizando mapas de temperaturas ou precipitacións de España. | XHB3.4.1. Comenta as características dos climas españois a partir dos seus climogramas representativos. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| B3.5. Analizar os tipos de tempo atmosférico en España utilizando os mapas de superficie e de altura. | XHB3.5.2. Identifica e interpreta nun mapa do tempo os elementos que explican os tipos de tempo atmosférico. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| B8.3. Coñecer os factores da industria en España. | XHB8.3.1. Enumera as características da industria española e as súas diferenzas rexionais. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |

| | |
|---|---|
| B8.4. Identificar e comentar os elementos dunha paisaxe industrial dada. | XHB8.4.1. Analiza e comenta paisaxes de espazos industriais. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| B8.5. Describir os eixes de desenvolvemento industrial sobre un mapa, establecendo as súas características e as posibilidades de rexeneración e cambio no futuro. | XHB8.5.3. Describe os eixes ou focos de desenvolvemento industrial, e as súas perspectivas de futuro. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| **2ª Avaliación** | |
| B4.2. Describir as cuncas fluviais españolas situándoas nun mapa e enumerando as súas características. | XHB4.2.1. Localiza nun mapa de España as principais cuncas fluviais. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| B4.3. Identificar os réximes fluviais máis característicos. | XHB4.3.1. Relaciona os réximes hídricos dos cursos fluviais coas posibilidades de aproveitamento hídrico en España. (CMCCT, CAA) |
| B3.8. Identificar as rexións vexetais. | XHB3.8.1. Identifica nun mapa os dominios vexetais, e describe e comenta as súas características. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| B3.9. Diferenciar razoadamente as formacións vexetais españolas. | XHB3.9.1. Ante unha paisaxe natural, identifica as formacións vexetais que aparezan. (CMCCT, CAA, CD) |
| | XHB3.9.2. Analiza razoadamente unha cliserie. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| B5.5. Comparar imaxes das variedades de paisaxes naturais. | XHB5.5.1. Diferencia as paisaxes naturais españolas a partir de fontes gráficas e comenta imaxes representativas de cada unha das variedades de paisaxes naturais localizadas en medios de comunicación social, internet ou outras fontes bibliográficas. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| B5.2. Relacionar o medio natural coa actividade humana, describindo casos de modificación do medio polo ser humano. | XHB5.2.1. Identifica e formula os problemas suscitados pola interacción entre persoa e natureza sobre as paisaxes. (CMCCT, CAA, CCL, CSC) |
| B6.1. Identificar as fontes para o estudo da poboación establecendo os procedementos que permiten estudar casos concretos. | XHB6.1.1. Utiliza as ferramentas de estudo da poboación. (CMCCT, CAA, CD) |
| B6.2. Comentar gráficos e taxas que amosen a evolución da poboación española. | XHB6.2.1. Comenta a pirámide actual de poboación española e compáraa con algunha dun período anterior ou de previsións futuras.(CMCCT, CAA, CCL, CD) |

| | |
|---|---|
| B6.3. Caracterizar a poboación española identificando os movementos naturais. | XHB6.3.1. Aplica a teoría da transición demográfica ao caso español. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| B6.5. Explicar a distribución da poboación española identificando as migracións. | XHB6.5.1. Explica os procesos migratorios antigos que afectan a España.(CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| | XHB6.5.2. Identifica e analiza as migracións recentes. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| B6.9. Explicar as perspectivas de poboación española e a ordenación do territorio. | XHB6.9.1. Selecciona e analiza información sobre as perspectivas de futuro da poboación española. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| **3ª Avaliación** | |
| B9.3. Explicar o sistema de transporte en España, distinguindo a articulación territorial que configura. | XHB9.3.3. Describe e analiza mapas que reflictan un sistema de transporte determinado. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| B9.5. Localizar nun mapa os espazos turísticos, e enumerar as súas características e as desigualdades rexionais. | XHB9.5.1. Analiza e explica as desigualdades do espazo turístico. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| B9.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á actividade ou ao espazo do sector servizos español, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como na bibliografía ou nos medios de comunicación social. | XHB9.6.1. Comenta gráficas e estatísticas que expliquen o desenvolvemento turístico español. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| | XHB9.6.3. Analiza e comenta imaxes do espazo destinado a transportes, comercial ou outras actividades do sector servizos. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| B7.3. Analizar adecuadamente unha paisaxe rural distinguindo o terreo de labor, os bosques e o hábitat. | XHB7.3.1. Selecciona e comenta imaxes que poñen de manifesto as características das paisaxes agrarias españolas. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| B7.5. Explicar o sector agrario español tendo en conta as súas estruturas da propiedade e as características das súas explotacións. | XHB7.5.1. Identifica e analiza as características das paisaxes agrarias españolas. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| B7.7. Analizar a actividade pesqueira, e definir as súas características e os seus problemas. | XHB7.7.1. Establece as características e as peculiaridades da actividade pesqueira española e galega. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| B11.1. Describir a organización territorial española analizando a estrutura local, autonómica e estatal. | XHB11.1.1. Localiza e explica nun mapa a organización territorial española, partindo do concello e da comunidade autónoma. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |

| | |
|---|---|
| B11.2. Explicar a organización territorial española e establecer a influencia da historia e da Constitución de 1978, mediante o emprego de mapas históricos e actuais. | XHB11.2.2. Caracteriza a ordenación territorial establecida pola Constitución de 1978. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| | XHB11.2.4. Distingue e enumera as comunidades autónomas, as principais cidades en cada unha e os países fronteirizos de España. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| B10.4. Analizar a morfoloxía e a estrutura urbana, e extraer conclusións da pegada da historia e a súa expansión espacial, reflexo da evolución económica e política da cidade. | XHB10.4.1. Sinala a influencia histórica no plano das cidades españolas. (CMCCT, CAA, CCL, CD) |
| | **XHB10.4.2. Explica a morfoloxía urbana e sinala as partes dunha cidade sobre un plano desta. (CMCCT, CAA, CCL)* |
| **B10.5. Características da paisaxe urbana.* | **B10.5. Analizar e comentar unha paisaxe urbana.* |

** Criterios de Avaliación e estándares de Aprendizaxe considerados imprescindibles que non foi posible traballar.*

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>● Comentarios de distintos documentos xeográficos, seguindo as pautas dadas pola CIUG para as Probas Abau da materia. |
| | Instrumentos:<br>● Comentario de gráficas.<br>● Comentario de mapas.<br>● Comentarios de diferentes paisaxes agrarias. |
| **Cualificación final** | ● **Media aritmética** das dúas primeiras Avaliacións.<br>● **Sumarase a esa media ata 2 puntos** pola entrega de todos os comentarios, que deben ser presentados de forma correcta e completa. **Ata 1 punto** se se entrega todas ou a maior dos tarefas, evidenciando esforzo, aínda que non todas estean completas ou correctas. Sumarase **ata 0,5 puntos** se se presentan só parte dos traballos, están incompletos ou son incorrectos. **0 puntos** se non houbo participación.<br>● No caso dos alumn@s con algunha **Avaliación suspensa e recuperada** posteriormente terase en conta para a media como nota máxima 5 puntos.<br>● **No caso de non aprobar a materia na convocatoria ordinaria**, o alumn@ terá a oportunidade de facer unha Proba escrita extraordinaria no mes de setembro. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | **Avaliarase** ao alumnado sobre os **contidos traballados na 1ª e na 2ª Avaliación** durante o tempo de clases presenciais. |
| **Alumnado de materia pendente** | Non hai alumnado nesa situación. |

## 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|---|---|
| **Actividades** | ● Comentarios de diferentes documentos nos que se **reforzan** os **procedementos propios da Xeografía** (a localización no espazo, análise e interpretación de fontes cartográficas, gráficas e visuais...) e as **características do medio físico** das distintas rexións españolas (relevo, clima, augas, vexetación...) xa traballados nas Avaliación anteriores.<br><br>Ao mesmo tempo os documentos a analizar permiten traballar de forma práctica parte da materia programada ao principio do curso para 3ª Avaliación: **o sector terciario** (gráfica da evolución do sector turístico en España, fotografía dunha paisaxe turística costeira, mapa da distribución de redes e infraestruturas de transportes en España) e **o sector primario** (mapa do caladoiro nacional e as rexións pesqueiras españolas, comentario de tres fotografías das paisaxes agrarias oceánica, de interior e mediterránea litoral).<br><br>● **Actividades de recuperación**: Os alumn@s con algunha Avaliación suspensa deberán repetir a man os **exames parciais de dita Avaliación** (a profesora envioulles por correo o documento e eles reenviarán polo mesmo medio fotos das respostas). Nesta ocasión non terán a oportunidade de elixir as preguntas (Opción A e B), **tendo que estar todas as cuestións ben feitas e completas para poder dar a Avaliación por recuperada**. De ser así, **terase en conta para a media unha nota máxima de 5 puntos**.<br>Os alumn@s aprobados tamén terán a oportunidade de entregalo se así o desexan. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Todo o traballo realízase a través da **Aula Virtual**, coa que xa se viña traballando desde o inicio do curso, alí estarán subidos os seguintes documentos:<br>● **As indicacións previas que presentan os distintos traballos** a realizar se fan a través de **foros** abertos para cada actividade, onde os alumnos terán explicacións por escrito e/ou notas de voz con audios gravados pola profesora para guiar a tarefa que deben presentar. O alumnado poderá plantexar dúbidas, preguntas, ... a través deses foros ou mediante correo electrónico.<br>● **Pdf do guión dos documentos a analizar,** con preguntas que dirixen ese comentario, outras indicacións para orientar o traballo dos alumn@s, así como enlaces a distintas fontes que poden consultar na rede.<br>● **Presentacións dos temas** relacionados cos documentos xeográficos a analizar, que o alumnado deben utilizar, xunto co libro de texto, para buscar a información necesaria.<br>● **Unha vez rematado o seu traballo os alumn@s comparten por Drive coa profesora o seu comentario, para que esta poida revisalo**, facendo anotacións nese mesmo documento que sinalan posibles erros, corrixen expresións inadecuadas, amplían ou aclaren algunha cuestión... Ademais a docente envía un correo para informar dos resultados desa corrección.<br>● Non había alumnado sen conectividade. |

| | |
|---|---|
| **Materias e recursos** | <u>**Aula virtual e correo electrónico**</u><br><br>● **Foros** abertos na Aula Virtual para cada actividade onde figuran as **indicacións previas que presentan o traballo**, con explicacións por escrito e/ou notas de voz con audios gravados pola profesora para guiar a tarefa a realizar. O alumnado poderá plantexar dúbidas, preguntas, ... a través deses foros ou mediante correo electrónico.<br>● Tanto o **guión do traballo** coas distintas cuestións a responder, como as **presentacións dos temas** que deben usar os alumn@s para facer o seu comentario foron elaborados pola profesora e están **subidos á Aula Virtual** do Centro en formato pdf. Os traballos a realizar seguen as pautas da **pregunta práctica das Probas de ABAU**: comentario dun documento xeográfico (mapa, gráfica, imaxe de distintos paisaxes...) que neste caso, como xa se indicou con anterioridade, están relacionados cos tema do sector primario e o sector terciario en España.<br><br>● O alumnado tamén poderá facer uso do **libro de texto** e unha **selección de distintos enlaces** que se lles proporcionan no guión do traballo por se queren ampliar información ou buscar imaxes xeográficas na rede que acompañen os seus comentarios. |

| **4. Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | ● **Cada vez que se sinala traballo** a realizar infórmase ao alumnado polo seu **correo electrónico** de que teñen á súa disposición na Aula Virtual do Centro o guión do traballo, a presentación do tema que deben consultar para elaborar as respostas e o foro aberto no que terán as indicacións por escrito e/ou notas de voz que dirixen a tarefa a facer e no que poderán tamén plantexar dúbidas...<br><br>● Tras a **recepción do traballo** feito polo alumn@ nun documento compartido por Drive, e unha vez **revisado pola profesora**, volve a enviarse un **correo que informa dos resultados** desa corrección.<br><br>● A **adaptación da Programación Didáctica do Departamento de Xeografía e Historia** para a materia de **Xeografía de España de 2ªBacharelato** que recolle este documento **farase chegar ao alumnado e ás súas familias subindo o pdf á Páxina Web do Centro** (Departamento de Historia), á **Aula Virtual e enviando unha mensaxe por Abalar** informando de que está á súa disposición nesa plataforma. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na Páxina Web do Centro. |

# Adaptación da Programación Didáctica

# Curso 2019/2020

**Centro:** IES As Telleiras

**Curso:** 1º de Bacharelato

**Materia:** Historia do Mundo Contemporáneo semipresencial de adultos

**Departamento:** Xeografía e Historia

**Data:** 12-05-2020

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tflno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

# Índice

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tflno. 881 93 03 50
ies.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras


## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| **1ª Avaliación** | |
| B1.1. Definir e esquematizar os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais, utilizando diferentes tipos de diagramas. | HMCB1.1.1. Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña. (CSC, CAA, CCL) |
| | HMCB1.1.3. Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais. (CSC, CAA, CCL, CCEC) |
| B1.2. Distinguir as transformacións no Antigo Réxime enumerar as que afectan a economía, a poboación e a sociedade. | HMCB1.2.1. Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía, a poboación e a sociedade. (CSC, CAA, CCL) |
| | HMCB1.2.2. Analiza a evolución dos trazos do Antigo Réxime do século XVII e o século XVIII. (CSC, CAA, CCL) |
| B1.3. Explicar o parlamentarismo inglés do século XVII resumindo as características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo. | HMCB1.3.1. Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas. (CSC, CCEC, CCL) |
| B1.4. Relacionar as ideas da Ilustración co Liberalismo de comezo do século XIX, establecendo elementos de coincidencia entre ambas as ideoloxías. | HMCB1.4.1. Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo de comezos do século XIX. (CSC, CCEC, CCL) |
| | HMCB1.4.2. Establece as semellanzas e as diferenzas entre as ideas da Ilustración e o Liberalismo de comezos do século XIX. (CSC, CCEC, CCL) |
| B2.1. Obter información que permita explicar as revolucións industriais do século XIX, seleccionándoa das fontes bibliográficas ou en liña nas que se ache dispoñible. | HMCB2.1.1. Identifica as causas da primeira Revolución Industrial. (CSC, CAA, CCL) |
| B2.2. Describir as Revolucións Industriais do século XIX e establecer os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais. | HMCB2.2.1. Explica razoadamente a evolución cara á segunda Revolución Industrial. (CSC, CAA, CCL) |

| | |
|---|---|
| | HMCB2.2.2. Analiza comparativa e esquematicamente as dúas revolucións industriais. (CSC, CAA, CCL) |
| B2.3. Enumerar os países que iniciaron a industrialización, localizalos adecuadamente e establecer as rexións onde se produce ese avance. | HMCB2.3.2. Analiza aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial dos primeiros países industrializados, a partir de fontes historiográficas. (CSC, CAA, CCL, CMCCT) |
| B2.4. Identificar os cambios nos transportes, na agricultura e na poboación que influíron ou foron consecuencia da Revolución Industrial do século XIX. | HMCB2.4.4. Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión das redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles. (CSC, CAA, CD) |
| | HMCB2.4.1. Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial. (CSC, CAA, CSIEE) |
| B3.2. Describir as causas e o desenvolvemento da independencia de Estados Unidos, e establecer as causas máis inmediatas e as etapas da independencia. | HMCB3.2.1. Identifica xerarquías causais na guerra de independencia dos Estados Unidos a partir de fontes historiográficas. (CSC, CCL, CAA) |
| B3.3. Explicar, a partir de información obtida en internet, a Revolución Francesa de 1789, incluíndo cada idea obtida nas causas, no desenvolvemento e nas consecuencias. | HMCB3.3.1. Explica as causas da Revolución Francesa de 1789. (CSC, CCL) |
| | HMCB3.3.2. Explica esquematicamente o desenvolvemento da Revolución Francesa. (CSC, CCL, CAA) |
| B3.5. Analizar a transcendencia para Europa do Congreso de Viena e a restauración do absolutismo, e identificar as súas consecuencias para os países implicados. | HMCB3.5.1. Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena, e relaciónaas coas súas consecuencias. (CSC, CCL, CAA) |
| B3.6. Identificar as revolucións burguesas de 1820, 1830 e 1848, e relacionar as súas causas e o seu desenvolvemento. | HMCB3.6.1. Compara as causas e o desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848. (CSC, CCL) |
| B2.6. Coñecer as correntes de pensamento que pretenden mellorar a situación da clase obreira do século XIX. | HMCB2.6.1. Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo. (CSC, CAA, CCL) |
| | HMCB2.6.2. Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro. (CSC, CCL) |

| 2ª Avaliación | |
|---|---|
| B4.3. Describir a expansión imperialista de europeos, xaponeses e estadounidenses a finais do século XIX, e establecer as súas consecuencias. | HMCB4.3.1. Identifica e explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da segunda metade do século XIX. (CSC, CAA, CCL) |
| | HMCB4.3.2. Localiza nun mapamundi as colonias das potencias imperialistas. (CSC, CD, CAA) |
| | HMCB4.3.3. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. (CSC, CAA, CCL) |
| B4.4. Comparar sinteticamente os sistemas de alianzas do período da Paz Armada. | HMCB4.4.1. Describe as alianzas dos países máis destacados durante a Paz Armada. (CSC, CCL) |
| B4.5. Distinguir os acontecementos que conducen á declaración das hostilidades da I Guerra Mundial, e desenvolver as súas etapas e as súas consecuencias. | HMCB4.5.1. Identifica a partir de fontes históricas ou historiográficas as causas da I Guerra Mundial. (CSC, CAA, CCL) |
| | HMCB4.5.3. Analiza e explica as etapas da Gran Guerra a partir de mapas históricos. (CSC , CAA , CCL , CD ) |
| | HMCB4.5.4. Extrae conclusións de gráficos e imaxes sobre as consecuencias da I Guerra Mundial. (CSC, CAA, CCL) |
| B5.3. Identificar os tratados de paz da I Guerra Mundial e establecer como unha consecuencia o xurdimento da Sociedade de Nacións. | HMCB5.3.1. Explica os acordos dos tratados de paz da I Guerra Mundial e analiza as súas consecuencias a curto prazo. (CSC , CCL, CAA) |
| | HMCB5.3.2. Analiza o papel que xoga a Sociedade de Nacións nas relacións internacionais, a partir de fontes históricas. (CSC, CCL) |
| B5.1. Recoñecer as características do período de Entreguerras inseríndoas nos correspondentes aspectos políticos, económicos, sociais ou culturais. | HMCB5.1.1. Explica as características do período de Entreguerras a partir de manifestacións artísticas e culturais de comezos do século XX. (CSC , CCL) |
| B5.2. Esquematizar o desenvolvemento da Revolución Rusa de 1917 recoñecendo as súas etapas e os seus protagonistas máis significativos, e | HMCB5.2.1. Identifica e explica algunhas das causas da Revolución Rusa de 1917. (CSC, CCL) |

| | |
|---|---|
| establecer as súas consecuencias. | HMCB5.2.2. Compara a Revolución Rusa de febreiro de 1917 coa de outubro de 1917. (CSC, CAA, CCL) |
| B5.4. Explicar a Gran Depresión e describir os factores desencadeadores e as súas influencias na vida cotiá. | HMCB5.4.1. Interpreta imaxes da Gran Depresión. (CSC, CCL, CAA, CD) |
| | HMCB5.4.2. Comenta gráficas que explican a crise económica de 1929. (CSC, CCL, CMCCT) |
| B5.5. Recoñecer a transcendencia dos fascismos europeos como ideoloxías que conduciron ao desencadeamento de conflitos no panorama europeo do momento. | HMCB5.5.1. Compara o fascismo italiano e o nazismo alemán. (CSC, CCL) |
| B5.6. Comprender as relacións internacionais no período de entreguerras como elementos importantes das causas da II Guerra Mundial. | HMCB5.6.1. Analiza a partir de fontes contrapostas as relacións internacionais anteriores ao estoupido da II Guerra Mundial. (CSC, CAA, CCL) |
| **3ª Avaliación** | |
| B5.7. Identificar e explicar as desencadeadores da II Guerra Mundial, así como os feitos máis característicos. | HMCB5.7.1. Identifica e explica as causas desencadeadores da II Guerra Mundial a partir de fontes históricas. (CSC, CAA, CCL) |
| B5.8. Establecer as etapas do desenvolvemento da II Guerra Mundial, distinguindo as que afectaron a Europa e as que afectaron aos Estados Unidos e a Xapón. | HMCB5.8.1. Explica as etapas da II Guerra Mundial tanto na fronte europea como na guerra do Pacífico. (CSC, CAA, CCL) |
| | HMCB5.8.2. Analiza o desenvolvemento da II Guerra Mundial a partir de mapas históricos. (CSC, CAA, CCL) |
| B5.9. Analizar o papel da guerra mundial como elemento de transformación da vida cotiá. | HMCB5.9.1. Describe as consecuencias da II Guerra Mundial. (CSC, CAA, CCL) |
